

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
O DÍA 17/11/2025
(Extracto en <https://sede.vilagarcia.gal> - transparencia)

PRESIDENTE

ALBERTO VARELA PAZ

CONCELLEIROS/AS

Lista de asistentes

CARLOS COIRA LOJO

DIEGO GARCIA SANTIAGO

JOSE MARIA GONZALEZ ARAUJO

SONIA OUTÓN CASAL

TANIA GARCÍA SANMARTÍN

Lista de non asistentes

LUZ MARIA ABALO PÉREZ

PAOLA MARIA MOCHALES

SECRETARIA

MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

INTERVENTOR

JULIO FONTAÍÑA COUSO

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:30 horas do día 17/11/2025 reuníronse no Sala de reunións, previa a oportuna citación e en primeira convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .

Desculpada a ausencia dos/as concelleiros/as indicados, e comprobada a existencia de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

Comprobada a presenza de tódolos membros e polo tanto de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 10 de novembro de 2025, que se aprobou por unanimidade.

RÉXIME INTERIOR

PRP2025/4489

Dáse conta de escrito presentado por D. Manuel Martínez Pan, en representación de Organización Nacional de Cegos Españoles (ONCE), solicitando autorización para traslado do quiosco situado en Rúa Cobian 1 á Rúa Arcebispo Lago, entre os números 8 e 10.

Visto o informe favorable do Enxeñeiro Técnico Municipal, a Xunta de Goberno Local acorda autorizar o traslado do quiosco solicitado.

PRP2025/4486

O CEIP Rosalía de Castro púxose en contacto co Servizo de Obras debido á existencia dunha pingueira na aula de psicomotricidade.

Tras a correspondente inspección, comprobouse que a causa da filtración é a acumulación de sucidade e o deterioro do selado da claraboia, polo que resulta necesario proceder á súa limpeza e ao re-selado completo para garantir a súa estanqueidade.

CARACTERÍSTICAS DA OBRA:

Vista a proposta do Servizo de Obras, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa REFORMAS TREBOL, S.L. con CIF: B94128675, por un importe total de 1.125,30 € (IVE incluído), con cargo á partida 320.212, para a realización dos traballos seguintes traballos:

- Desmontaxe da claraboia da aula de psicomotricidade.
- Limpeza e selado de todo o perímetro da mesma.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2025/4343

Dáse conta do escrito presentado por Dona María Josefa Camiño Pérez, en relación con danos

que producen na fachada da súa vivenda os vehículos ao circular pola Rúa Retiro, de Carril e solicitando a colocación dunha baliza para impedir que estes danos se volvan a producir.

Dáse conta de informe da Policía Local no que se indica que se trata dunha zona de estreitamento da rúa pero onde a circulación de vehículos é necesaria para poder acceder ás vivendas lindeiras.

Visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda que se proceda á instalación dun ángulo de metal pegado á esquina da parede da vivenda de forma que protexa a estrutura da mesma, así como á colocación dun sinal de límite de anchura de vehículos de máis de 2 metros (R-204) na intersección da Rúa Victoria con Avda. Rosalía de Castro.

Dar conta ao Servizo de Sinalización.

PRP2025/4359

Dáse conta do escrito presentado por Dona Maria de los Angeles Cifuentes Maneiro, en representación de Asociación Protectora de Animais de Vilagarcía de Arousa, solicitando autorización para realización dun mercado benéfico, na Praza da Peixería, os días 4, 5, 6, 7, 8, 9 e 10 de decembro de 2025.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 14 de xuño de 2013) e que figura publicada na web municipal.

Deberán cumprir as seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisión sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- Será responsabilidade do solicitante o control de aforo.
- Deberán contar cun plan de autoprotección que identifique os riscos e describa os protocolos a seguir en cada caso, debendo respectar o aforo do local para a actividade que realice e responsabilizarse que non sexa superado. Así mesmo deberá manter libres portas de emerxencia e en caso de necesidade poderá contar co apoio da Policía Local, Emerxencias Municipais ou Emerxencias da Xunta, solicitando auxilio.

Acórdase a exención do prezo público de conformidade co establecido no Artigo 4.2 da Ordenanza Fiscal nº 43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outras instalacións do Concello.

PRP2025/4360

Dáse conta do escrito presentado por D. Mariano Dos Santos Dos Santos, solicitando autorización para instalar un posto de churros nunha das seguintes Rúas: Arcebispo Lago, Clara Campoamor, do Río, Valentín Viqueira, Castelao, Covadonga, Praza de Galicia, Praza de España ou Parque da Xunqueira.

Visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda concederlle autorización para instalar un posto de churros de 2 metros, do 28 de novembro de 2025 ao 8 de xaneiro de 2026, na Rúa Castelao (no entorno da Biblioteca Pública Municipal), debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as

súas emisión sonoras ós límites establecidos na mesma.

- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.
- Deberá estar en posesión da documentación da documentación pertinente para exercer dita actividade.

Dar conta ao Servizo de Mercados e Departamento de Rendas.

PRP2025/4361

Dáse conta do escrito presentado por Dona Theresa Maria Zabell Lucas, en representación de Fundación ECOMAR, solicitando autorización para realización dunha actividade de sensibilización e concienciación para o coidado do mar, na Praia de Compostela, o día 16 de decembro de 2025, en horario de 9:00 a 15:00 horas, recollendo residuos atopados de maneira natural, na que participará alumnado e voluntariado invitado a dita actividade.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisión sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.

PRP2025/4425

A Xunta de Goberno Local, en sesión de data 15 de setembro de 2025, acordou autorizar a Dona Noemi Nuñez Castro, para instalar unha unidade mobil de restauración (Food Truck) na Praza da II República, o día 31 de outubro de 2025, en horario de tarde-noite (creps, gofres, salchipapas) Coa data de 28 de outubro de 2025, presentou escrito no que indica que por motivos de organización e viabilidade económica non procederá á instalación no lugar indicado polo que renuncia expresamente á autorización concedida.

A Xunta de Goberno Local acorda aceptar a renuncia presentada e dar conta ao Departamento de Rendas aos efectos de que non se emita a liquidación por ocupación de vía pública.

PRP2025/4465

Dáse conta do escrito presentado por Pirotecnia López SL comunicando que ten contratado un servizo pirotécnico para os días 14, 15 e 16 de novembro de 2025, con motivo da celebración da Festa de San Martiño, na Parroquia de Vilaxoán.

Vista a documentación aportada e o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2025/4469

Dáse conta de Proposta do Departamento de Informática, na que indica que no centro de formación municipal da avenida de Matosinhos estaba en funcionamento un switch que debido a unha avaría debe ser reemplazado. A función do Switch é fundamental para o funcionamento da rede de ordenadores do centro de Matosinhos.

Propón a compra dun Switch enracable de 24 portos PoE.

CARACTERÍSTICAS TÉCNICAS:

UBIQUITI UNIFI SWITCH 24 PUERTOS USW-24-POE RACK

PoE 24 PUERTOS + 2 SFP

Vista a proposta, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa Servicios Técnicos Integrados del Noroeste SL, con CIF B36296440, para subministro dun Switch enracable de 24 portos PoE (UBIQUITI UNIFI) para o centro de formación de Matosinhos, por un prezo de 730,84 € IVE incluído e dous anos de garantía, con cargo á partida 9201.62600, de conformidade co orzamento presentado.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2025/4472

Na X.G.L. do día 06/10/2025 acordouse adxudicar á empresa Ozona Consulting S.L., o subministro de seis ordenadores portátiles, seis maletíns e seis ratos por un prezo de 5.327,15 € IVE incluído. Os equipos inclúen tres anos de garantía in-situ.

Debido ao tempo transcorrido dende a presentación das ofertas non existen actualmente os modelos dos equipos ofertados debendo ser necesario o cambio dos modelos por outros de iguais ou superiores características técnicas, isto tamén implica unha modificación do prezo que se incrementa en 379,21 € incluído IVE respecto da oferta anterior.

Por todo o anterior, vista a proposta do Departamento de Informática, a Xunta de Goberno Local acorda modificar o citado acordo incrementándose en 379,21 € IVE incluído, dando un importe total de adxudicación a favor de Ozona Consulting SL, de 5.706,36 € IVE incluído, con cargo á partida 9201.62600.

CARACTERÍSTICAS TÉCNICAS NOVOS MODELOS:

Dous Ordenador Portátiles (2 unidades), coas seguintes características:

Equipo: HP 250R G10 de 15,6 pulgadas.

Procesador: Core i5-120U 4,6Gz.

Memoria principal: 16 GB de RAM.

Memoria secundaria: HD SSD 512 GB.

Modelo gráfica:

Sistema operativo: Windows 11 Professional

3 anos de garantía in situ

Tres Ordenador Portátiles (3 unidades), coas seguintes características:

Equipo: HP 250R G10 de 15,6 pulgadas.

Procesador: Core i5-120U 4,6Gz.

Memoria principal: 16 GB de RAM.

Memoria secundaria: HD SSD 512 GB.

Modelo gráfica:

Sistema operativo: Windows 11 Professional

3 anos de garantía in situ

Un Ordenador Portátil (1 unidades), coas seguintes características:

Equipo: HP EliteBook de 16 pulgadas.

Procesador: Intel Core Ultra 5 225U 4,8Gz.

Memoria principal: 16 GB de RAM.

Memoria secundaria: HD SSD 512 GB.

Modelo gráfica:

Sistema operativo: Windows 11 Professional

3 anos de garantía in situ

Maletín para portátiles (6 Unidades)

Maletín para Portátil de 16" Pulgadas

Ratos con cable HP Wired Mouse 105 (6 Unidades)

Garantía in situ 3 anos (6 PC's)

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2025/4480

Dáse conta de escrito da Asociación Ares Arousa, no que solicita, autorización para levar a cabo unhas rutas a cabalo por diversas rúas do Concello de Vilagarcía de Arousa, así como pola praia da Compostela, os vinderios domingos 23 de novembro e 7 de decembro do presente ano, comprometéndose a comunicar e confirmar a ruta á Concellería de Seguridade Cidadá, Departamento da Policía Local do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa o venres anterior a realización da mesma e a deixar todo limpo e recollido xa que levan vehículos de acompañamento. Así como, solicita acompañamento durante a realización da ruta por parte da Policía Local, para garantir a seguridade dos participantes.

Dáse conta do infome da Sr. director Deportivo en relación ao asunto e da Resolución do Presidente da Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda autorizar á Asociación Ares Arousa, para levar a cabo unhas rutas a cabalo por diversas rúas do Concello de Vilagarcía de Arousa, así como pola praia da Compostela, os vinderios domingos 23 de novembro e 7 de decembro do presente ano de conformidade coa Resolución do Presidente da Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais.

Dar conta á Policía Local aos efectos oportunos.

PRP2025/4482

Dáse conta de escrito presentado polos Ingleses Rugby Club no que solicitan, autorización do uso do Campo de herba do Estadio de Atletismo e do Campo de Fútbol Manuel Jiménez Abalo do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa, para a celebración dunha concentración de Escolas de Rugby incluídas no calendario da Federación Galega de Rugby para as categorías M6, M8, M10 e M12, que se vai levar a cabo o vindeiro día 13 de decembro do presente ano, de 8:30-15:30 horas. Así como, a cesión do material que a continuación se relaciona:

- Autoriación de uso da Cantina do Campo de Fútbol Manuel Jiménez.
- Cesión de 4 carpas, 4 mesas, 8 cadeiras.
- Cesión de un Equipo de Son.
- Cesión de publicidade institucional do Concello e da Fundación de Deportes.
- Peche ao tráfico da Rúa Camilo Jose Cela ata a entrada ao Estadio de Atletismo do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa.

Dáse conta do informe do Sr. director Deportivo e da Resolución do Presidente da Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda autorizar aos Ingleses Rugby Club, o uso do Campo de herba do Estadio de Atletismo e do Campo de Fútbol Manuel Jiménez Abalo do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa, para a celebración dunha concentración de Escolas de Rugby incluídas no calendario da Federación Galega de Rugby para as categorías M6, M8, M10 e M12, que se vai a levar a cabo o vindeiro día 13 de decembro do presente ano, de 8:45-15:00 horas, de conformidade coa Resolución do Presidente da Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais.

Dar conta á Policía Local aos efectos oportunos.

PRP2025/4487

O Centro de Educación Especial presentou a solicitude nº WEB2025009251, na que indica que o lucernario do edificio presenta pingueiras.

Tras a inspección realizada polos servizos municipais, comprobouse que a orixe do problema se debe ao deterioro das pranchas de policarbonato, provocado polo paso do tempo e pola exposición prolongada á radiación solar, atopándose estas visiblemente danadas. Así mesmo, os remates metálicos presentan un avanzado estado de oxidación.

Tendo en conta que o lucernario se atopa nunha zona de paso habitual cara ás aulas, considérase necesaria a súa reparación con carácter urxente, co fin de garantir a seguridade do alumnado e previr posibles accidentes por caídas.

CARACTERÍSTICAS DA OBRA:

- Desmontaxe de chapas de policarbonato do lucernario de paso ás aulas e retirada das

mesmas a vertedoiro autorizado.

- Colocación de chapas de policarbonato resistentes os raios ultravioleta, remates e selado dos mesmos.
- Inclúe a colocación dos andamios no interior necesarios para a realización dos traballos.

Vista a proposta do Servizo de Vías Públicas, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa REFORMAS TREBOL, S.L. con CIF: B94128675, por un importe total de 3.945,00 € + 828,45 € I.V.E. = 4.773,45 € (IVE incluído), con cargo á partida 320.212.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2025/4488

Na rúa do Porto, na zona da Torre, detectouse unha rotura nunha tubaxe de saneamento que está a provocar filtracións e, como consecuencia, a inundación dun baixo comercial con augas fecais.

Dado que se trata dun problema de salubridade pública e que está a causar un prexuízo significativo á empresa afectada, considérase urxente e necesaria a reparación inmediata da avaría.

CARACTERÍSTICAS DA OBRA:

- Rehabilitación continua de tubarías mediante sistema de encamisado con manga continua autoportante.
- Limpeza e desatasco de tubarías, incluída aspiración de residuos con camión hidrodinámico
- Fresado de obstáculos interiores, acometidas penetrantes, raíces etc.
- Desprazamento do equipo de rehabilitación

Vista a proposta do Servizo de Vías Públicas, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa CANALIS SOLUCIONES TECNOLOGICAS, S.L. con CIF: B94057536, por un importe total de 7.425,00 € + 1.559,25 € I.V.E. = 8.984,25 €. (IVE incluído), con cargo á partida orzamentaria 160.22799.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

BENESTAR SOCIAL

EMPREGO

PRP2025/4474

Revisado o expediente de solicitude de axuda dentro do Programa de Axudas Municipais á Creación de Empresas 2025, presentada por CESAR GARCIA PADIN NIF: 35599800D, e domicilio en Avenida CAMBADOS Nº: 88 1 Pt: C - VILAGARCIA DE AROUSA CP: 36611, MAIL (ogaraxedevilari@gmail.com), infórmase pola Área de Promoción Económica:

- Que a solicitante cumpre os requisitos establecidos nas bases da convocatoria para obter a condición de beneficiaria do Programa de Axudas Municipais á creación de Empresas 2025
- Que a empresa cumpre o obxecto da subvención e presenta en forma e prazo a documentación xustificativa, e, por tanto procede a concesión da axuda solicitada e, consecuentemente,

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a concesión da subvención e o recoñecemento de obriga e aboamento a CESAR GARCIA PADIN, NIF: 35599800D, da cantidade DE DOUS MIL CINCOCENTOS EUROS (2.500,00€) con cargo á aplicación orzamentaria 241-470.

No prazo de 20 días hábiles dende a notificación da resolución de concesión da correspondente axuda, deberá presentar fotografía do cartel informativo da subvención no lugar no que estea

situado. O cartel estará a disposición do interesado na sede electrónica do Concello, (pestana do catálogo de procedementos- 50-DESENVOLVEMENTO LOCAL)

PRP2025/4473

Revisado o expediente de solicitude de axuda dentro do Programa de Axudas Municipais á Creación de Empresas 2025, presentada por LA OFICINA E.S.P.J., NIF: E75933077, e domicilio en Calle JUAN GARCIA Nº: 14 Lt: Esc: BAJO Pt: - VILAGARCIA DE AROUSA CP: 36600 (laboral@mfasesoresconsulting.com), infórmase pola Área de Promoción Económica:

- Que a solicitante cumpre os requisitos establecidos nas bases da convocatoria para obter a condición de beneficiaria do Programa de Axudas Municipais á creación de Empresas 2025

- Que a empresa cumpre o obxecto da subvención e presenta en forma e prazo a documentación xustificativa, e, por tanto procede a concesión da axuda solicitada e, consecuentemente,

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a concesión da subvención e o recoñecemento de obriga e aboamento a LA OFICINA E.S.P.J., NIF: E75933077, da cantidade DE MIL CINCOCENTOS CORENTA E TRES EUROS CON SESENTA E DOUS CÉNTIMOS (1543,62 €) con cargo á partida 241-470.

No prazo de 20 días hábiles dende a notificación da resolución de concesión da correspondente axuda, deberá presentar fotografía do cartel informativo da subvención no lugar no que estea situado. O cartel estará a disposición do interesado na sede electrónica do Concello, (pestana do catálogo de procedementos- 50-DESENVOLVEMENTO LOCAL).

PRP2025/4467

O Concello de Vilagarcía foi beneficiario dunha axuda no marco da Orde ICT/949/2021, de 10 de setembro, modificada pola orde ICT/565/2022 de 15 de xuño, da convocatoria de liñas de axuda de apoio a mercados, zonas urbanas comerciais, comercio non sedentario e canles curtos de comercialización, para a posta en marcha do proxecto VILAGARCÍA VIVA. PROYECTO DE MEJORA, REVITALIZACIÓN Y RESILIENCIA DE MERCADOS TRADICIONALES Y ZONAS COMERCIALES URBANAS. FINANCIADO CON FONDOS NEXT GENERATION.

ORZAMENTO FINANCIABLE (€)	SUBVENCIÓN CONCEDIDA (€)
671.278,65	537.022,92

O 27 de marzo de 2025, dentro do prazo establecido a tal efecto, presentouse xustificación final da execución do proxecto.

O 23 de abril de 2025, persoal técnico do ISDEFE, entidade designada polo Ministerio de Comercio para a auditoría dos proxectos de mercados sostibles concedidos ás entidades locais, realizou visita inspectora in situ, levando a cabo verificación documental e comprobación presencial de cada un dos investimentos.

O 7 de novembro de 2025, notificáronse por parte do Ministerio os informes de verificación económica e técnica, co resultado seguinte e concedendo ao Concello un prazo de 10 días para formular alegacións fronte aos mesmos :

- INFORME ECONÓMICO PROVISIONAL no que expresamente se indica que se acepta a xustificación de todos os gastos presentados.

- INFORME TÉCNICO PROVISIONAL. Establece un porcentaxe de cumprimento do 79,73% sobre o total da axuda concedida.

	FINANCIABLE	ACREDITADO	ACEPTADO	VÁLIDO
TOTAL	671.678,65	535.186,23	535.186,23	535.186,23

% CUMPLIMIENTO	IMPORTE (€)
79,73	428.148,98

SUBVENCIÓN A REINTEGRAR	IMPORTE (€)
POR INCUMPLIMIENTO DE INVERSIÓN	108.873,94
TOTAL	108.873,94

En canto á cantidade a reintegrar por incumprimento de inversión, só tres das 17 actuacións que integran o proxecto non foron finalmente executadas. A suma das ditas tres actuacións non executadas ascende a 36.000,00 €:

O resto da cantidade a reintegrar obedece a baixas e remanentes das licitacións como consecuencia da selección da oferta máis vantaxosa na relación calidade prezo en cada unha das actuacións. Porén, compre dicir que gran parte de ditos remanentes foron reinvestidos noutras actuacións, como é o caso do alumeado eficiente da praza de abastos, a instalación fotovoltaica da praza de Vilaxoán ou o servizo de asistencia personalizada aos cidadáns no uso da ferramenta de ticketing dixital, entre outros.

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local:

- Queda sabedora da notificación dos informes provisionais Económico e técnico remitidos polo Ministerio,

- Tendo en conta que expresamente se acepta a xustificación de todos os gastos presentados polo Concello, acorda non facer alegacións fronte aos devanditos informes provisionais

Unha vez transcorra o prazo de alegacións e remitan os informes definitivos, dar conta aos departamentos de intervención e tesourería, da obriga de reintegro da cantidade de 108.873,94 a efectos de que se fagan as operacións contables oportunas.

PRP2025/4449

Para o Nadal 2025, as accións de dinamización comercial, desenvolveranse arredor de tres eixos principais:

1. Dinamización de rúas comerciais entre o 19 de decembro de 2025 e 5 de xaneiro de 2026.
2. Montaxe da Aldea de Nadal e dinamización comercial da mesma e da súa contorna dende o día 19 de decembro de 2025 ata o 5 de xaneiro de 2026 (ambos inclusive).
3. Deseño e realización de Xardíns efímeros e decoración de rúas comerciais de Vilagarcía (Nadal 2025-2026).

A temática inspiradora das accións de dinamización comercial para o Nadal 2025 será o “CONTO DE NADAL” de CHARLES DICKENS e a Inglaterra Vitoriana, para o que será preciso levar a cabo unha ambientación acorde coa temática, decoración, sonorización e iluminación artísticas dos espazos; que serán neste NADAL 2025, na renovada Rúa Clara Campoamor e na Praza Peixería.

Vista a proposta da Concellería de Promoción Económica, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o gasto correspondente a decoración temática da Praza da Peixería e Rúa Clara Campoamor e adxudicar o contrato á empresa JOAQUÍN BELLO RUBIANES (AROSA CASA, DECO), NIF 35462058Z , por importe de 14.520 € IVE incluído, con cargo á partida 4311-22610, de conformidade co orzamento presentado.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2025/4448

Para o Nadal 2025, as accións de dinamización comercial, desenvolveranse arredor de tres eixos principais:

1. Dinamización de rúas comerciais entre o 19 de decembro de 2025 e 5 de xaneiro de 2026.
2. Montaxe da Aldea de Nadal e dinamización comercial da mesma e da súa contorna dende o día 19 de decembro de 2025 ata o 5 de xaneiro de 2026 (ambos inclusive).
3. Deseño e realización de Xardíns efímeros e decoración de rúas comerciais de Vilagarcía (Nadal 2025-2026).

A temática inspiradora das accións de dinamización comercial para o Nadal 2025 será o “CONTO DE NADAL” de CHARLES DICKENS e a Inglaterra Vitoriana, para o que será preciso levar a cabo unha ambientación acorde coa temática, decoración, sonorización e iluminación artísticas dos espazos; que serán neste NADAL 2025, na renovada Rúa Clara Campoamor e na Praza Peixería.

Vista a proposta da Concellería de Promoción Económica, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o gasto correspondente a sonorización dos espazos e escenarios da Praza da Peixería e Rúa Clara Campoamor e adxudicar o contrato a D CARLOS GALBÁN ZARAGOZA, NIF 35449729J (DUENDE PRODUCCIONES), por importe de 7.199,50 € (IVE incluído), con cargo á partida 4311-22610.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web

municipal.

PRP2025/4444

En sesión de data 8 de setembro de 2025, a Xunta de Goberno Local, acordou conceder subvención á empresa SERVICIOS INTEGRALES EN CONSTRUCCION ANLUC SL, NIF B94076809, dentro do programa de referencia, para a contratación de unha persoa participante no Obradoiro de Emprego dual FORME 2024, por contía total de 1.500 €. O devandito acordo foi comunicado á solicitante o 18 de setembro de 2015.

A data de emisión do informe da Área de Promoción Económica, a empresa presentou a documentación xustificativa de ter formalizada a contratación.

Tendo en conta o exposto e examinada a documentación presentada, considérase acreditado que a empresa cumpre o obxecto para o que se concede a subvención e presenta en forma e prazo a documentación xustificativa, polo que a Xunta de Goberno Local acorda:

- a) Recoñecer a obriga e aboar a axuda solicitada por SERVICIOS INTEGRALES EN CONSTRUCCION ANLUC SL, NIF B94076809, por contía de MIL CINCOCENTOS EUROS (1.500€), con cargo á partida 2412.470.
- b) Dar conta ao departamento de Promoción do Emprego aos efectos da xestión e xustificación da mesma fronte á Consellería de Economía Emprego e Industria.
- c) Informar á entidade Beneficiaria de que estes incentivos á contratación por conta allea quedan sometidos ao réxime de axuda de minimis, nos termos establecidos no Regulamento (UE) nº 2023/2831 da Comisión, do 13 de decembro de 2023, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea ás axudas de minimis (DOUE15.12.2023, Serie L).

PRP2025/4434

Revisado o expediente de solicitude de axuda dentro do Programa de Axudas Municipais á Creación de Empresas 2025, presentada por OMEGA SEGUR SL, B21992078, e domicilio de notificacións Avenida JUAN CARLOS I Nº: 22 , BJ - C e dirección e-mail a efectos de notificacións HORLAAROSA@GMAIL.COM,

Informase pola Área de Promoción Económica que a documentación aportada coa solicitude, reflicte que A SOLICITANTE NON CUMPRE O REQUISITO DE SER EMPRESA DE NOVA CREACIÓN nos termos establecidos na Base Primeira da convocatoria, relativa aos requisitos dos beneficiarios.

En efecto, a devandita base establece que os beneficiarios han ser “ empresas de nova creación”, considerando incluídos neste concepto os traspasos de negocio, exceptuando as transformacións de forma xurídica.

Visto o disposto na devandita Base Primeira da convocatoria, en relación coas circunstancias concorrentes na entidade solicitante de axuda, conclúese que a mesma non reúne os requisitos para ser beneficiaria da subvención, polas razóns que se indican :

PRIMEIRO. Que na escritura de constitución aportada pola entidade solicitante, consta o seguinte:

Da documentación aportada extráese que a empresa OMEGA SEGUR S.L., non é de nova creación.

SEGUNDO. Non consta no Concello de Vilagarcía que a empresa solicitante teña cumpridas as obrigas establecidas na Lei 9/2013 de Emprendemento e Competitividade Económica de Galicia, relativas á comunicación previa de inicio de actividade.

TERCEIRO. Por outro lado, constan débedas na tesourería do Concello de Vilagarcía, tanto por parte de HORLA AROUSA S.L. como do representante da empresa José Ángel Rey Castro.

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda denegar a concesión da axuda solicitada por OMEGA SEGUR SL.

PRP2025/4432

O Concello de Vilagarcía ven desenvolvendo nos últimos anos accións de dinamización do Comercio e a Hostalaría local a través de diversos canles e iniciativas .

Unha destas iniciativas é a convocatoria do “CONCURSO DE DECORACIÓN DO NADAL” PARA O COMERCIO, HOSTALARÍA E COMERCIANTES DAS PRAZAS DE ABASTOS MUNICIPAIS, nos termos especificados nas bases que se xuntan á presente proposta.

O custo Total de desenvolvemento da actividade, ascende á cantidade de MIL SETECENTOS OITENTA E CINCO EUROS (1.785,00 €).

Establécense os seguintes premios, segundo consignación orzamentaria do orzamento do 2026.

- Un Primeiro premio de: 595 €
- Dous Segundos premios de: 395 € c/u
- Dous Terceiros premios de: 200 € c/u

Vista a proposta do Concelleiro de Promoción Económica, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar as bases e convocatoria do “CONCURSO DE DECORACIÓN DO NADAL 2025” do CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA, e o gasto polos conceptos indicados na mesma, por importe total de 1.785,00 €, con cargo á partida orzamentaria 4311 48100 do orzamento 2026.

PRP2025/4431

A Concellería de Promoción Económica porá en marcha unha nova edición da iniciativa de dinamización comercial e fomento do consumo no comercio local, consistente na emisión de bonos para o consumo nos negocios, establecementos comerciais e hostaleiros da cidade, contando co compromiso e colaboración de toda a cidadanía para a revitalización da actividade económica local.

Poranse á venda 3.750 paquetes de bonos por valor de 30€ c/u (10€+10€+5€+5€) dos que o usuario pagará 20€ e os outros 10€ correrán a cargo do Concello ($3.750€ \times 10€ = 37.500€$).

O Concello de Vilagarcía aportará 37.500€ mediante a transferencia á conta bancaria IBAN ES85 2080 5067 1230 4004 6449, destinada exclusivamente a esta iniciativa, titularidade da Asociación de Comerciantes Zona Aberta, logo da sinatura dun convenio de colaboración entrambas as dúas entidades, dos cales 22.500€ imputaranse ao exercicio 2025 e 15.000€, ao exercicio 2026.

Nesta ocasión, a adquisición dos bonos de compra no pequeno comercio, farase mediante o uso da ferramenta de ticketing dixital municipal, adquirida polo concello coa cofinanciación do Ministerio de Economía, Comercio e Empresa, a través da “línea de ayudas para el apoyo a mercados, zonas urbanas comerciales, comercio no sedentario y canales de comercialización” en el marco de la orden ict/949/2021. En el marco del plan de recuperación, transformación y resiliencia.

Porén, para a adquisición e aboamento dos bonos por parte dos cidadáns é preciso utilizar unha pasarela de aboamento. Solicitado orzamento a TONIC TIME SL, NIF B87667507, aportou o mesmo por contía de 1.357,50 € IVE ENGADIDO, quedando o mesmo incorporado ao expediente.

Igualmente, a atención aos cidadáns e aos establecementos comerciais, para o uso da ferramenta de ticketing dixital, farase a través de SERVICIO DE ASISTENCIA PERSONALIZADA PARA LA ACCESIBILIDAD DIGITAL, igualmente COFINANCIADO, DENTRO DA MESMA ORDE DE AXUDAS “LINEA DE AYUDAS PARA EL APOYO A MERCADOS, ZONAS URBANAS COMERCIALES, COMERCIO NO SEDENTARIO Y CANALES DE COMERCIALIZACIÓN” EN EL MARCO DE LA ORDEN ICT/949/2021. EN EL MARCO DEL PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN Y RESILIENCIA”.

Para gastos de publicidade, difusión da campaña e material gráfico da campaña de dinamización comercial solicitouse orzamento a VISUALGRAPHICS IMAGEN Y PUBLICIDAD S.L., NIF B36892016 que achegou o mesmo por contía 1.714,51 € IVE ENGADIDO.

O custo TOTAL da presente edición ascendería a 40.572,01 €

A aportación municipal terá carácter prepagable, mediante transferencia á conta bancaria (destinada exclusivamente a esta iniciativa) titularidade da entidade colaboradora (Asociación de Comerciantes Zona Aberta).

A transferencia dos fondos, tal como recolle o convenio que se asinará entre as partes, levarase a cabo nos prazos e porcentaxes que se indican:

1º PAGO: Logo da sinatura do convenio, a unidade tramitadora, previa fiscalización pola intervención municipal, elevará nova proposta a XGL solicitando o recoñecemento da obriga. Aprobado o gasto pola XGL procederase á maior brevidade á transferencia de 22.500,00€,

equivalentes ao 60% da cantidade total correspondente ao Concello.

2º PAGO: Xustificada pola Asociación de Comerciantes a transferencia aos establecementos adheridos da cantidade antedita, procederase a transferir por parte do Concello, a cantidade de 15.000,00€, equivalente ao 40% restante da aportación municipal.

O prazo para gastar os bonos desta edición, será dende o 1 de decembro de 2025 ata o 1 de xaneiro de 2026 ambos inclusive.

A solicitude de participación presentárase a través da Sede electrónica do Concello de Vilagarcía (sede.vilagarcia.gal) e a presentación de solicitude de adhesión implicará a aceptación e compromiso de cumprimento das bases reguladoras da iniciativa.

Co fin de levar a cabo a xestión da presente iniciativa e non contando o Concello cos medios materiais e humanos suficientes para o seu desenvolvemento, propónse a sinatura dun CONVENIO DE COLABORACIÓN coa ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES, nos termos que se conteñen no borrador de convenio.

A iniciativa BONOS SON DA CASA 2025, ten como finalidade a dinamización e fomento do consumo nos establecementos comerciais de Vilagarcía; para a súa difusión levarase a cabo unha campaña de visibilización e comunicación online do comercio local e, para a adquisición e consumo dos bonos, será preciso utilizar a ferramenta de ticketing dixital municipal e, como se indicou, a asistencia personalizada a cidadáns e establecementos para a accesibilidade dixital e uso da ferramenta, así como a habilitación dunha pasarela de aboamento.

Constando o anterior, a Xunta de Gboerno Local acorda:

1. Aprobar o desenvolvemento da iniciativa BONOS SON DA CASA do ano 2025 polo importe total de 40.572,01 €, segundo A seguinte desagregación (as actuacións que deban realizarse con cargo ao exercicio 2026 quedan condicionadas a existencia de crédito axeitado suficiente no orzamento municipal do exercicio 2026):

CONCEPTO	PARTIDA ORZAMENTARIA	Exercicio 2025	Exercicio 2026
APORTACIÓN MUNICIPAL (3.750 PACKS DE BONOS)	4311-470	22.500 €	15.000,00 €
ACTIVACIÓN E USO PASARELA DE ABOAMENTO	4311-22799	0,00	1.357,50 €
MATERIAL PUBLICITARIO E FOTOGRÁFICO (Estimación sobre a base do custo do material publicitario da campaña anterior)	4311-22602	1.714,51 €	
T O T A L S (IVE ENGADIDO)		24.214,51 €	16.357,50 €

2. Aprobar as bases e da convocatoria BONOS SON DA CASA.
3. Aprobar a sinatura do Convenio coa Asociación Zona Aberta nos termos que constan no borrador incorporado ao expediente.
4. Adxudicar o contrato menor de servizo de activación e uso da pasarela de pago a TONIC TIME SL, NIF B87667507, por contía de 1.357,50 € IVE engadido.
5. Adxudicar o contrato menor de servizo de elaboración de material publicitario a VISUALGRAPHICS IMAGEN Y PUBLICIDAD S.L., NIF B36892016 por contía 1.714,51 € IVE engadido.
6. A remisión da convocatoria a efectos da súa publicación na BDNS e extracto ao BOPPO da provincia de Pontevedra.

PRP2025/4352

Como se ven facendo nos últimos anos, integrándose coa Aldea de Nadal, no Nadal 2025 o Concello instalará as casetas municipais que serán postas a disposición dos vendedores e artesáns.

PRIMEIRA. Tal como se fai constar nas Bases, as Casetas instalaranse na Rúa Clara Campoamor: Instalaranse 7 casetas de madeira de titularidade municipal de 5 m2 cada unha.

Dotación das Casetas Municipais: Iluminación e toma de corrente, extintores, así como dos elementos mínimos precisos para a exhibición dos produtos (estanterías).

- Farase reserva dalgunha caseta para ONGs, Fundacións ou outras entidades radicadas no Concello de Vilagarcía, dedicadas a fins sociais e sen fin de lucro.

O uso das casetas, asignarase de acordo coa distribución que determine o Concello.

- No caso de alimentos, especialmente dos elaborados artesanalmente, estes deberán contar co rexistro sanitario correspondente a cada produto obxecto de venda; as persoas que exerzan a actividade deberán dispoñer do correspondente carné de manipulador de alimentos e cumprir

coa normativa en materia de Hixiene e Seguridade alimentaria que afecte ao seu produto e/ou actividade, así como aos instrumentos utilizados para a súa elaboración. Defínense como alimentos artesanais os tradicionais no período de Nadal (turróns, polvoróns, mazapáns...).

A autorización de uso da caseta municipal, de acordo co establecido nas presentes bases, non prexulga calquera outra autorización ou licenza que sexa preceptiva.

SEGUNDA. Terán preferencia os produtos seguintes:

- Artigos relacionados co Belén tradicional e Papá Noel así como adornos para a decoración da árbore de Nadal.

- Decoración de Nadal: Luces, grilandas, adornos, instrumentos musicais típicos de Nadal, etc.

- Alimentos: Comidas (doces e salgadas), bebidas frías e quentes así como produtos de repostería típica da época de Nadal, valoraranse as que sexan de elaboración artesanal.

A Comisión de valoración municipal estimará a posibilidade de venda de calquera tipo de artigo neste apartado, e terá, en todo caso, facultades para rexeitar a venda de calquera artigo que considere competencia desleal respecto do comercio local.

TERCEIRA. As solicitudes deberanse presentar no Rexistro Xeral do Concello de Vilagarcía a través dos medios telemáticos habilitados no portal web <https://sede.vilagarcia.gal> (procedemento/formulario de solicitude: 50005) ou a través do Rexistro oficial de calquera outra administración, neste último caso o solicitante deberá comunicar, na mesma data na que presente a súa solicitude mediante correo electrónico remitido á dirección tle@vilagarcia.gal, a presentación da devandita solicitude.

As solicitudes poderán achegarse dende as 00:00 h do 24 de novembro do 2025, ata as 23:59 horas do día 12 de decembro do 2025, de acordo cos modelos que se publicarán como (ANEXOS).

Só poderá presentarse unha solicitude por cada interesado o que dará opción a unha única caseta, sen que sexa posible usar a persoas físicas ou xurídicas interpostas para optar a máis dun posto.

- No caso de que se solicite máis dun posto, só se atenderá á primeira solicitude que conste no rexistro municipal, desestimándose o resto de solicitudes achegadas.

- Información telefónica: 986.099.200 ext. 219 / 220

- Mail: tle@vilagarcia.gal; jquintans@vilagarcia.gal

Tendo en conta o exposto, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar as bases reguladoras do funcionamento e outorgamento de autorizacións para o exercicio da actividade de venda nas casetas Municipais de Nadal 2025 e que se proceda á súa publicación.

PRP2025/4494

O 30 de outubro de 2025, solicitouse, por este departamento, autorización do gasto para AS ACCIÓNS DE DINAMIZACIÓN COMERCIAL PARA O NADAL 2025, no expediente de referencia, aprobada en sesión de XGL do 10 de novembro.

Unha vez recibidos todos os orzamentos e cuantificados todos os gastos referidos aos espectáculos e artistas contratados para dinamización de rúas, dúas das actuacións realizaranse no mes de xaneiro de 2026 polo que é preciso levar a cabo unha redistribución da autorización de gasto acordada pola XGL o 10 de novembro, no sentido que se indica:

Gasto imputable ao ano 2025: 80.620,00 € IVE engadido

Gasto imputable ao ano 2026: 8.409,00 € IVE engadido

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda modificar a autorización do gasto para as ACCIÓNS DE DINAMIZACIÓN COMERCIAL PARA O NADAL 2025-26 no Concello de Vilagarcía, aprobando unha contía máxima estimada de 80.620,00 € IVE engadido para o exercicio 2025 e 8.409,00 € IVE engadido para o ano 2026, segundo a seguinte desagregación:

EXERCIZO	CONCEPTO	APLICACIÓN	GASTO AUTORIZADO
2025	Accións de dinamización comercial para o Nadal 2025-2026	4311-22610	80.620,00 €
2026	Accións de dinamización comercial para o Nadal 2025-2026	4311-22610	2.409,00 €
	Servizo de seguridade para vixianza das instalacións	4311-22799	6.000,00 €

EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS

EDUCACIÓN

PRP2025/4417

Logo de realizadas varias propostas de gasto relativas a adquisición de material funxible, libros e partituras e material instrumental non inventariable con cargo ao capítulo II, compre proceder á realizar a proposta de gasto de adquisición de novo material instrumental e utilíxase para o Conservatorio Profesional de Música con cargo ao Capítulo VI do orzamento do centro para o ano 2025. Neste caso, trátase de continuar coa adquisición de cadeiras especiais para orquestra e un violonchelo de estudo.

No que respecta ás cadeiras, hai anos iniciouse a progresiva adquisición das mesmas, co obxectivo de que, co tempo, o Concello dispoña dun número suficiente de cadeiras de instrumentista de orquestra no Auditorio Municipal de moi alta calidade e que se atopan no foso do escenario. Nestes intres temos xa 30, co que acadaríamos as 40.

Vista a proposta da Directora do Conservatorio Profesional de Música, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o gasto para adquisición de material instrumental e utilíxase e a súa adxudicación a D. Carlos Galbán Zaragoza por un importe de 4.470,62 € (3.694,73 € + 775,89 € do 21% IVA), con cargo á partida 3261 623 de conformidade co orzamento presentado.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2025/4418

Pola Directora do Conservatorio Profesional de Música dáse conta que as fiestras do primeiro andar do Auditorio Municipal, no que se atopan parte das instalacións do Conservatorio Profesional de Música (o resto figuran na planta semisoto) están en moi mal estado de uso, xa que son de aceiro inoxidable, moi pesadas, non herméticas, entra auga cando chove, frío no inverno, moito calor no verán, resulta moi difícil ventilar e sobre todo, moi perigosas porque tendo presente o seu peso e que o sistema de apertura cara o exterior non funciona ben, poden provocar a súa caída á explanada do Auditorio na que é continuo o paso de persoas.

Á vista da proposta, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola empresa Construcciones Metálicas Cuevas SL con CIF B36027597, por un importe total de 7.579,22 € (6.263,82 € + 1.315,40 € do 21 % do IVE) con cargo á partida orzamentaria 3261 632, para a reposición das fiestras do 1º andar do Auditorio Municipal (17 unidades), coas seguintes características:

FOLLA APERTURA INTERIOR Cor: COR_A_Natural_G Ancho: 895 - Alto: 900

Serie COR-2000 CE Marco ventá DE 45 MM Hoja de ventá de 45 mm

Ferraxes practicables oscilobatientes. Vidro de cámara aislante térmico e acústico 3+3/12/3+3 laminado de seguridade.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2025/4419

Pola Directora do Conservatorio Profesional de Música dáse conta que nas dependencias do Conservatorio Profesional de Música no Auditorio Municipal temos instaladas cortinas venecianas que ao longo dos 21 anos do centro se teñen estragado. O pasado ano 2024 realizamos á reposición das venecianas das oficinas, dirección e Aula 2.1. por estores enrolables. Este ano 2025 desexamos continuar coa paulatina reposición de outras dependencias do primeiro andar do Auditorio, Sala de Profesores, Aula 2.2 e 2.3, así como a colocación de vinilos en todas as fiestras da planta semisoto.

Vista a proposta, a Xunta de Goberno Local acorda adxucar á empresa González Hogar y Moda S.L. con CIF B3625232 a reposición de cortinas e colocación de vinilos no Conservatorio Profesional de Música, por un total de 5.033,60 € (4.160,00 € + 873,60 € do 21 % do IVE) con cargo ao á partida 3261 632, de conformidade co orzamento presentado, coas seguintes características:

- Substitución das cortinas venecianas das Aulas 2.2. e 2.3., por estores enrolables con tecido polyscrenn lavable, ignífugo e anticalórico con acondicionamento a cadea en cor branco/lino apertura 5%
- Colocación de vinilos serigrafiados nas fiestras da planta semisoto

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2025/4423

Pola Directora do Conservatorio Profesional de Música informáse á Xunta de Goberno Local:

Primeiro.- Da documentación remitida ao Inspector do centro, Sr. D. Xosé Romarís, sinalada nos apartados primeiro e segundo deste informe. Achégase copia do DOC, da Programación Xeral Anual, listados, estatísticas e cadros de profesorado para o curso 25-26.

Segundo.- Dos horarios de traballo do profesorado do Conservatorio Profesional de Música para o curso 25-26 dos dezaseis profesores do centro, tal e como figura no apartado terceiro deste informe, achegándose copia dos mesmos dentro do DOC.

Terceiro.- Da asignación de tarefas de Coordinadores dos cinco Departamentos Didácticos para o curso 25-26 a cinco profesores do centro que conforman, xunto coa Directora e a Xefa de Estudos, a Comisión de Coordinación Pedagóxica e que figuran na PXA do centro para o curso 25-26.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

XUVENTUDE E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

XUVENTUDE

PRP2025/4400

O Concello de Vilagarcía de Arousa, a través da Concellería de Xuventude organiza un Campamento Urbano de Nadal co obxectivo de proporcionar unha alternativa de conciliación da vida familiar e laboral así coma una opción de ocio saludable mediante a realización cunha ampla variedade de actividades que contribuen ao reforzo dos contidos educativos dun xeito lúdico, aproveitando todo o potencial que nos ofrece o período vacacional de Nadal, o tempo de ocio, e a través dun proxecto educativo inmersivo en consonancia cos postulados da educación non formal.

Os obxectivos do servizo son:

- Desenvolver actividades socioeducativas e de lecer de apoio á infancia aproveitando o período vacacional de nadal.
- Previr situacións de vulnerabilidade e exclusión social nos/as menores.
- Contribuir á mellora das condicións de vida e sociais dos/as menores do noso contorno.
- Favorecer a conciliación da vida familiar e laboral das familias.
- Facilitar o desfrute e a calidade do tempo de lecer dos/as menores.
- Favorecer o desenvolvemento integral do neno/a: desenvolvemento motor, intelectual e socioafectivo.
- Favorecer a autonomía e a liberdade do neno/a, potenciando a súacreatividade e imaxinación.
- Favorecer o proceso de socialización dos/as rapaces/zas.

Destinatarios/as e requisitos de acceso:

- O servizo está dirixido a 30 nenos e nenas, nados entre o 1 de xaneiro de 2018 e o 31 de decembro de 2021, empadroados/as no Concello de Vilagarcía de Arousa.

Das 30 prazas, 6 serán de adxudicación directa por derivación dos Servizos Sociais do Concello. Desenvolverase os días 22 de decembro de 2025 ao 5 de xaneiro de 2026 (excepto fins de semana e festivos) no CEIP AREALONGA (ANEXO VAGALUME).

O horario establecido será de 9.00 h. a 14.00 h. establecendo un tempo de merenda a media mañá. O horario de entrada será de 9.00 h a 9.30 h e o horario de saída será de 13.30 h á 14.00 h.

A contratación proposta responde á necesidade de continuar coa prestación do servizo, tendo en conta que o Concello carece de medios persoais e materiais propios suficientes para a súa realización directa, resultando por tanto imprescindible acudir á contratación externa.

Tendo en conta o anterior, a Xunta de Goberno Local acorda:

1.- Aprobar o orzamento total, por importe de 3.564,64 € (IVE incluído) e as bases públicas rexirán o proceso de inscrición e confirmación de prazas no servizo de Campamento Urbano de Nadal, promovido pola Concellería de Xuventude.

2. Adxudicar o novo contrato menor á empresa Servicios Integrales de Formación SL -SIF, S.L., polo importe de 2.685 € (Ive engadido), con cargo á partida 2314.22624, para o desenvolvemento do programa, en substitución da empresa que tiña prorrogado o servizo e da que se está a resolver a contratación por incumprimento do contrato.

3. Adxudicar o servizo de limpeza e material de limpeza das instalacións educativas, por importe de 879,64 € (ive do 21% engadido) á empresa Clece S.A con CIF: A80364243 e enderezo Plaza de América, 1, T., con cargo á partida 2314.22610.

Acórdase así mesmo a colaboración puntual por parte da Policía Local e de Protección Civil en algúns dos desprazamentos. Tales desprazamentos serán indicados por escrito antes do comezo de cada unha das actividades campamentais..

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2025/4401

En relación coa actividade de ocio e tempo libre para o Nadal Fexturrón 25/26, fáise constar o seguinte:

O tempo de Nadal é propicio para o desenvolvemento de actividades que faciliten a conciliación da vida familiar e favorezan a calidade do tempo de lecer da infancia e da mocidade.

A demanda por parte da cidadanía, de actividades que favorezan a conciliación e o desfrute en familia do tempo libre, ven crescendo nos últimos anos, de xeito que as Concellerías de Cultura e Xuventude veñen desenvolvendo dende hai varios anos eventos durante o tempo de Nadal, que contribúen a consecución deste obxectivo.

Con esta finalidade, as Concellerías de Cultura e Xuventude entenden que se debe levar a cabo a planificación e desenvolvemento das actividades lúdicas de Nadal, poñendo en marcha o FEXTURRÓN NADAL 2025 no recinto FEXDEGA e que se levaría a cabo dende o día 28 de novembro de 2025 e ata o día 11 de xaneiro de 2026, ambos inclusive, nas instalacións municipais de Fexdega.

Dado que o Concello carece de recursos materiais e humanos para levar a cabo o desenvolvemento desta actividade, polo que se acordou solicitar orzamento para o desenvolvemento do programa.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa C&C Camarero e Cubo Ocio SL, por un importe total de de 18.148,79 € (ive engadido), coa seguinte desagregación:

anualidade	concepto	Partida	Total gasto
2025	Facturación en concepto do período do 28 de novembro de 2025 ao 19 de decembro de 2025, pre-produción do evento. (A factura desta parte será emitida pola Empres con data límite do 20 de decembro)	2314.22610	7.500 € (máis IVE), dando un total de 9.075 € (IVE incluído) Partida 2313.22610
2026	Facturación en concepto de coordinación, xestión e valoración do proxecto e período do 20 de decembro de 2025 ao 11 de xaneiro de 2026	338.22609	7.499 € (máis IVE), dando un total de 9.073,79 € (IVE incluído) Partida 338.22609

Asumindo a empresa adxudicataria C&C Camarero & Cubo Ocio S.L.as obrigas especificadas na proposta presentada e principalmente:

- Asumindo ao seu exclusivo cargo e terán concertado na data de inicio da actividade unha póliza de seguro de accidentes e responsabilidade civil, quedando o Concello exonerado de calquera responsabilidade por este concepto.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2025/4476

A Concellería de Xuventude organiza un programa de dinamización do nadal: VILAGARCIA, NADAL DE LIBRO 2025-26, nas parroquias e lugares de Vilagarcía, a través de dúas actividades de teatro e narración oral dirixido ao público familiar e, en particular, a nenos/as de entre 3 e 11 anos, co obxectivo de contribuir a achegar as artes escénicas aos nenos/as das parroquias e lugares de Vilagarcía e ofrecer, ao mesmo tempo, distintas actividades culturais de primer nivel no tempo de vacacións de nadal que implique, así mesmo a interacción co público asistente e sobre todo que favoreza a creación dun espazo de convivencia e encontro interxeneracional para fomentar a relación e intercambio de experiencias entre os máis pequenos/as e os seus familiares máis maiores (especialmente avós e avoas).

Por outro lado, con esta iniciativa preténdese contribuir a incrementar a oferta cultural e de lecer e fomentar o hábito lector entre os/as máis novos/as, no tempo das vacacións de nadal, en todo o concello.

O programa: Vilagarcía, Nadal de libro 2025/26 consiste na representación de diferentes actividades de contacontos de nadal, que nesta edición pretende levar á escea dúas propostas, por un lado representar un conto da tradición popular galega de nadal e por outro representar un espectáculo de conto de nadal da literatura clásica con música e que se realizará do seguinte xeito:

- Representación dun conto tradicional da literatura popular de Galicia: “O Apalpador conta conta con vós”. A través de narración oral farase un percorrido pola orixe desta figura mitolóxica galega para saber quen é, como e onde vive, cal é o seu orixe e a que se adica no seu día. Así mesmo, tratarase de transmitir valores como o coidado medioambiental, o consumo responsable e a transmisión das nosas tradicións, etc.,.

O Cronograma das representacións de “O Apalpador conta con vós”(2025) realizarase nas seguintes parroquias e lugares de Vilagarcía e nas seguintes datas e horarios:

VENRES 12 DE DECEMBRO	1.- CENTRO SOCIOCULTURAL- 18.30H SOLOBEIRA	
SÁBADO 13 DE DECEMBRO	2.- CENTRO SOCIOCULTURAL- VILAXOÁN 12.00H	3.- CENTRO SOCIOCULTURAL- SOBRADELO 18.30H
DOMINGO 14 DE DECEMBRO	4.- CENTRO SOCIOCULTURAL A LAXE 12.00H	5.- CENTRO SOCIOCULTURAL CORNAZO 18.30H
VEBRES 19 DE DECEMBRO	6.- CENTRO SOCIOCULTURAL BAMIO 18.30H	
SÁBADO 20 DE DECEMBRO	7.- CENTRO SOCIOCULTURAL CARRIL 12.00H	8.- CENTRO SOCIOCULTURAL GUILLAN 18.30H
DOMINGO 21 DE DECEMBRO	9.- CENTRO SOCIOCULTURAL TRABANCA BADIÑA	10.- CENTRO SOCIOCULTURAL O PIÑEIRIÑO
LUNS 22 DE DECEMBRO	11.- CENTRO SOCIOCULTURAL SAN ROQUE 12.00H	12.- CENTRO SOCIOCULTURAL RUBIÁNS 18.30H
MARTES 23 DE DECEMBRO	13.- CENTRO SOCIOCULTURAL TRABANCA SARDIÑEIRA 12.00H	

- Por outro lado, levarase a cabo unha representación dun espectáculo de títeres con técnica mixta, inspirado no conto da literatura clásica de nadal de Hoffmann: “ O Crebanoces”. No espectáculo emprégase a música que creou Tchaikowsky. A través dunha personaxe do conto: o padriño Drosselmeier se lles contará aos nenos/as a historia do xoguete que acaba de traer neste nadal para os seus sobriños, un boneco crebanoces que se enfrontará á Raíña dos Ratos e que os/as transportará ao mundo dos contos, onde escoitárese a suite completa do Crebanoces de Tchaikovsky.

Con esta actividade, preténdese fomentar a lectura e transmitir aos nenos os valores da valentía e coraxe así como, perseguir os soños á vez que fomenta a creatividade e a imaxinación.

O Crebanoces (2026) realizarase na seguinte data e horario:

SÁBADO 3 XANEIRO	1.-PRAZA DA PEIXERÍA de Vilagarcía ás 19.00 h
------------------------	--

Vista a proposta da Concellería de Xuventude, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento do programa VILAGARCIA, NADAL DE LIBRO 2025-26, por un importe total de 4.932,50 €, con cargo á partida 2314.22610, coa seguinte desagregación:

1. Orzamento presentado por D. Felipe Díaz Valle (A Trastenda dos Contos), por un importe total de 3.932,50€ (ive 10% engadido) para o desenvolvemento da actividade "O Apalpador conta con vós".
2. Orzamento presentado por Dona María Larraitz Urruzola Tolosa, por un importe total de 1000€ (ive 10% engadido) para o desenvolvemento da actividade (Espectáculo títeres "O Crebanoces).

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

Dar conta á Policía Local.

PRP2025/4490

Dáse conta de escrito presentado pola Asociación Xuvenil Arousa Moza, solicitando a colaboración municipal para a realización dunha serie de actividades coa fin de informar e dar a coñecer a actividade da asociación e o Programa de nadal que van realizar para conmemorar estas datas, coa realización de obradoiros para o público infantil os vindeiros días: sábado 22 de novembro de 2025 e sábado 13 de decembro de 2025, na Praza de Galicia, en horario de 10.00 a 14.00h.

Vista a proposta da Concellería de Xuventude e Voluntariado, a Xunta de Goberno Local acorda autorizar a realización das actividades solicitadas para os días 22 de novembro e 13 de decembro, na Praza de Galicia en horario de 10.00h a 14.00h, quedando pendente, de dispoñibilidade de medios do concello, a posible disposición de instalación de diverso equipamento para o día 20 de decembro, na Praza da Independencia e en horario de 10.00 a 14.00h, Debendo cumprir o seguinte:

- Achegar, antes do comezo da actividade, o seguro de responsabilidade civil e recibo de abono do mesmo.
- Responsabilizarse do control de acceso e saída ao recinto solicitado así como do bo desenvolvemento da actividade no relativo ao control do aforo máximo da instalación.
- Cumprir as medidas hixiénico-sanitarias vixentes en todo momento nas instalacións solicitadas e nas actividades, así como aquelas ditadas polas autoridades sanitarias competentes e a respectar, as normas municipais de réxime interior das respectivas instalacións.
- Será a cargo da entidade organizadora, calquera tipo de taxa, imposto, da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) que se deriven do desenvolvemento da actividade.
- A responder dos actos que se realicen na instalación e materiais concedidos e das consecuencias que deles se deriven, así como de toda responsabilidade civil derivada de calquera acto. As actividades que desenvolva o grupo de participantes na actividade ou entidade organizadora non teñen cosideración de actividade propia do concello de Vilagarcía, polo que os riscos, accidentes e danos derivados das actividades que desenvolva a entidade ou grupo serán responsabilidade exclusiva da dita entidade organizadora.

Dar conta á Policía Local.

TURISMO E MEDIO AMBIENTE

MEDIO AMBIENTE

PRP2025/4478

O 24 de abril do 2025 ditouse resolución da directora xeral de Patrimonio Natural da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, de concesión a este Concello de axuda na área de

influencia socioeconómica do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia para o ano 2025 por importe total de 9.900,00 euros para o proxecto denominado “ESTUDIO DO SOLO DO PARQUE COMPOSTELA”.

Aos efectos da xustificación da subvención do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia para o ano 2025 e de acordo co establecido no artigo 23.1.b) da Orde do 28 de novembro de 2024 pola que se regula a convocatoria desta subvención deberá aprobarse a relación clasificada dos gastos e dos investimentos da actividade polo órgano competente.

Polo que se informa que a axuda outorgada por un importe de 9 900,00 € se destinou integramente á finalidade para a que foi concedida.

Vista o o informe e proposta da Concellería de Medio Ambiente, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a conta xustificativa da subvención, facendo constar:

- Que se cumpriu da finalidade da subvención.

- Os gastos imputables á actuación subvencionada son os que se relacionan a continuación:

Acredor	Concepto	Nº factura	Importe (IVE excluído)	Data de emisión	Porcentaxe de imputación	Data de pagamento
INNOVA LOCAL SLU	ESTUDIO DO SOLO DO PARQUE COMPOSTELA	13	9.900,00 €	11/09/2025	100%	11/11/2025

CULTURA

PRP2025/4475

Vista a proposta da Concellería de Cultura a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a sinatura do contrato menor de patrocinio entre o Concello de Vilagarcía de Arousa e a Asociación Cultural Musical Sociedad Filarmónica de Vilagarcía, para o desenvolvemento do concerto da Orquesta Sinfónica de Galicia o día 20 de novembro de 2025 no Auditorio Municipal, cunha aportación económica por parte do Concello de Vilagarcía de 3.000,00 € con cargo á partida económica 334.22602.

PRP2025/4451

Vista a solicitude da Comisión de Festas San Martiño de Galáns, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase a colaboración na contratación polo Concello dunha actuación, con cargo á partida 334-22699, con motivo da celebración da Festividade na honra de San Martiño en Galáns, os días 15 e 16 de novembro de 2025:

- Actuación da Asociación Cultural Folclórica Unión Piñeira de Guillán - Grupo de Gaitas Treboada, por un importe de 575,00 €

- O día 15 de novembro de 2025: 350,00 €.

- O día 16 de novembro de 2025: 225,00 €

Deberá figurar a colaboración do Concello de Vilagarcía, para elo deberá engadir o logotipo do Concello de Vilagarcía no material gráfico publicitario utilizado, sendo isto requisito para efectuar a aprobación da factura correspondente e o aboamento da mesma.

Comunicaselle que a factura deberá emitirse a nome do Concello, na que é obrigatorio facer constar o DIR do Concello, que está dispoñible na web municipal.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

PRP2025/4452

Vista a solicitude de Dona M^a Carmen Muñiz Soto, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase a colaboración na contratación polo Concello dunha actuación, con cargo á partida 334-22699, con motivo da celebración da Festividade na honra da Virxe do Socorro en Sobradelo o vindeiro día 21 de novembro de 2025:

- Actuación da Asociación Cultural Brisas do Río Ulla por un importe de 350,00 €.

Deberá figurar a colaboración do Concello de Vilagarcía, para elo deberá engadir o logotipo do Concello de Vilagarcía no material gráfico publicitario utilizado, sendo isto requisito para efectuar a aprobación da factura correspondente e o aboamento da mesma.

Comunicaselle que a factura deberá emitirse a nome do Concello, na que é obrigatorio facer constar o DIR do Concello, que está dispoñible na web municipal.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

PRP2025/4453

Dentro da programación do mes de novembro celébrase en Vilagarcía o evento, OUTONO MICOLÓXICO 2025, organizado pola AGRUPACIÓN MICOLÓXIA DE VILAGARCÍA “A CANTARELA”, na que se van levar a cabo distintos actos programados: charlas, exposicións, concurso de debuxo e fotografía para o coñecemento da cultura micolóxica.

Dende a Concellería de Cultura preténdese promover dentro destas actividades uns concursos de Fotografía Micolóxica para difundir o arte da fotografía, en relación á actividade micolóxica, así como un concurso de debuxo para os alumnos de primaria de todos os colexios de educación primaria deste municipio co fin de acercar o mundo das setas aos máis novos.

No ano 2000 iniciábase o concurso de debuxo, tratando de introducir no mundo da micoloxía e dun modo divertido ós nenos e nenas da Ensinanza Primaria.

No ano 1999 iniciábase o concurso de fotografía, en recordo de Enrique Valdés Bermejo, socio fundador e de honor de “A Cantarela”, excelente micólogo, falecido neste ano.

Por outra banda, con estes concursos vense a cubrir a necesidade dun proxecto na vila que apoie, potencie e difunda o estudo e coñecemento das Ciencias Naturais ou a Micoloxía e as artes como a fotografía e o debuxo.

Os concurso realizarase nas instalacións municipais (Sala exposicións do Auditorio) e poderá participar todas as persoas e alumnos que cumpran as bases que deberá difundir a entidade adxudicataria.

A Xunta de Goberno Local acorda adxudicar a xestión do XXVI Concurso de Debuxo Escolar” de 1.300,00€ e XXVII Concurso de Fotografía Micolóxica Enrique Valdés Bermejo” 500,00€, á Entidade Agrupación Micolóxica de Vilagarcía “A Cantarela”, por un importe total de 1.800,00 €, con cargo a partida 334.22799.

PRP2025/4454

Vista a solicitude de D. Juan Tomás Cores Fernández, en representación da Asociación Comisión de Festas San Pedro de Cornazo, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase a colaboración na contratación polo Concello dunha actuación, con cargo á partida 334-22699, con motivo da celebración da Festividade na honra da Virxe da O en Cornazo, o vindeiro día 13 de decembro de 2025:

- Actuación da Asociación Cultural Lumarada por un importe de 350,00 €.

Deberá figurar a colaboración do Concello de Vilagarcía, para elo deberá engadir o logotipo do Concello de Vilagarcía no material gráfico publicitario utilizado, sendo isto requisito para efectuar a aprobación da factura correspondente e o aboamento da mesma.

Comunicaselle que a factura deberá emitirse a nome do Concello, na que é obrigatorio facer constar o DIR do Concello, que está dispoñible na web municipal.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

PRP2025/4455

Vista a solicitude de Dona maria Carmen Costa López, en representación da Asociación Mulleres Rurais Avelaiña, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase a colaboración na contratación polo Concello dunha actuación, con cargo á partida 334-22699, con motivo da celebración da Festividade na honra de Santa Lucía, o vindeiro día 13 de decembro de 2025:

- Actuación da Asociación Cultural Polifónica de Vilaxoán - Máximo Patiño Méndez, por un importe de 585,00 €.

Deberá figurar a colaboración do Concello de Vilagarcía, para elo deberá engadir o logotipo do Concello de Vilagarcía no material gráfico publicitario utilizado, sendo isto requisito para efectuar a aprobación da factura correspondente e o aboamento da mesma.

Comunicaselle que a factura deberá emitirse a nome do Concello, na que é obrigatorio facer constar o DIR do Concello, que está dispoñible na web municipal.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

PRP2025/4471

Vista a solicitude de D. Iago Manuel Regueiro Díaz, en representación de Etiqueta Negra Producciones SL, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso do Salón de Actos do Auditorio Municipal, o día 31 de xaneiro de 2026, durante todo o día, para a celebración do espectáculo NYMERIA, debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 29-09-2017) e que figura publicada na web municipal.

Deberá aportar póliza de responsabilidade civil e sinistros, así como copia compulsada do último recibo aboado, con 72 horas de antelación ao día solicitado.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE), así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

A venda de entradas será a través da canle Ataquilla.com, cun prezo de entrada de: Zona A: 36 €; Zona B: 34 € e Zona C: 32 € máis gastos de xestión, e a recadación será para a entidade solicitante.

De conformidade co establecido no Artigo 3.1 da Ordenanza Fiscal nº43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outra instalacións do Concello, debera previamente aboar a seguinte tarifa:

- Sala Principal do Auditorio: 1 día, 264,70 €
- Responsable de sala: 127,50 €
- Operarios (2): 255,00 €
- Persoal de taquilla (2): 81,60 €
- TOTAL: 728,80 €

Dar conta ao Departamento de Rendas.

CONTRATACIÓN

PRP2025/4367

Con data 31 de outubro de 2025, rexistro de entrada 2025015987, polo servizo provincial de Costas do Estado en Pontevedra, remítese oficio que literalmente di:

“Solicitude de compromiso de mantemento da obra «Reparación pasarela de madeira en O Rial (Vilagarcía)» Referencia: 36-0452

La obra de referencia ha sido aprobada y se está tramitando el expediente para su ejecución.

Se solicita a ese Ayuntamiento la remisión de la siguiente documentación:

- Compromiso de conservación y mantenimiento de las obras referidas, una vez sean finalizadas y entregadas por la Administración General del Estado”

Visto o que antecede e a necesidade de acometer estes traballos de reparación da pasarela de madeira do Rial, cuxo custo e execución asume na súa totalidade o Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, a Xunta de Goberno Local acorda:

